

Concerto de música coral

- Coral Francisco Añón da Serra de Outes
- Coral de Solfa

Centro Sociocultural das Fontiñas

Sábado, 9 de novembro de 2024

As 19h.

ORGANIZA



COLABORA



www.asociacionsolfa.gal

Coral Francisco Añón

A *Coral Francisco Añón* foi fundada dentro do Centro Social de Outes no outono do ano 1991 e no Nadal dese ano deu o seu primeiro concerto de panxoliñas. Paulatinamente foi incrementando o número de coralistas e o radio de acción das súas actuacións: Muros, Noia, Ribeira, Santiago, A Coruña, Vigo, Asturias e León.

Pertence á FECOGA, coa que colabora, así como coa Deputación Provincial e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Ten actuado repetidamente no programa A Santa Misa da TVGA. Tamén participou durante varios anos no Festival de Panxoliñas de Caixavigo. No ano 1999 defendeu o tema "Anxos que cantan" que acadou o 2º Premio de Composición.

No ano 2010 actuou no Encontro Mundial das Familias, na catedral de Santiago de Compostela e na posterior Misa do Peregrino. No ano 2012 participou nos actos do Bicentenario do nacemento do poeta Francisco Añón, natural desta localidade e Precursor do Rexurdimento. En 2013 actuou no XI Encontro de Embarcacións Tradicionais, que tivo lugar no Porto do Freixo. Todos os anos organiza un Encontro de Habaneras ao que convida diferentes corais de toda Galicia.

No seu repertorio hai toda clase de temas corais: relixiosos, clásicos, populares, habaneras, galegos, de Nadal, etc.

Estivo dirixida polo seu fundador D. Domingo Barreiros Lago até o ano 2023. Actualmente o seu director é Alejandro Larrosa.

Repertorio:

Ay linda amiga - Anónimo español S. XVI

Zorongo - F. García Lorca –

Arr: Luis Vila

Quen poidera namorala – Letra: A. Cunqueiro

Música: Luis E. Batallán

Anduriña – Letra e música de Juan Pardo

Coral de Solfa

A *Asociación Cultural-Musical Solfa* fundouse no barrio das Fontiñas de Compostela, no ano 1997. Centrou o seu traballo na formación musical da mocidade e no goce coa música, sempre co propósito de contribuir a reforzar e revalorizar a nosa cultura e a normalizar o noso idioma. O froito do traballo destes anos deu vida a unha banda de música, a unha coral e a un grupo de pandeireteiras.

Solfa fai parte do tecido cultural do noso país e acredita na importancia da riqueza cultural que atesoura Galiza. Somos conscientes de que o noso futuro como pobo pasa por reconecérmolos e estimármolos como galegos e galegas. A nosa cultura, música e lingua identificánnos colectivamente e sitúannos no mundo. Por iso, procuramos coñecela, usala, divulgala e potencia-la.

Con máis de 100 pezas, o repertorio da nosa coral bebe da música tradicional galega e portuguesa. Tamén incluímos textos de poetas galegos e da lusofonía: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Francisco Añón, Cabanillas, Manuel María, Fiz Vergara Vilariño, Fernando Lopes Graça... Gravamos un CD e coa súa gravación pretendemos, humildemente, mais con moito sentimento, contribuírmos a difundir e enriquecer a nosa música .

Contamos para dirixir a coral con David Lojo Ces

Repertorio:

Carballos de Carballido

Letra de Eduardo Pondal

Música de Alberto López Porta

Arr.: Francisco Tobar Cereijo

María Soliña

Letra de Celso Elimio Ferreiro

Música de Carlos Núñez e Teresa Salgueiro

Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Alecrín. Popular

Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Xota de Lira. Popular

Arr.: Francisco Tobar Cereijo